



Plácido Álvarez Dobaño na súa condición de voceiro do Grupo Popular na Deputación Provincial de Ourense, con base no previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de bases reguladora do réxime local e o Regulamento da Corporación, presenta **MOCIÓN DE URXENCIA ANTE A VAGA DE LUMES NA PROVINCIA DE OURENSE** para o seu debate en Pleno, de acordo á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A provincia de Ourense viviu momentos dramáticos, dende o punto de vista persoal, e criminais dende a perspectiva medioambiental ao acabar co noso patrimonio forestal e paisaxístico, lamentando por suposto o falecemento dun veciño en Carballeda de Avia, por mor da vaga de lumes que sufrimos a mediados deste mes de outubro de 2017.

A Deputación de Ourense, como vén sendo habitual, colaborou nos operativos de extinción con medios materiais e recursos humanos, tanto propios da institución como dependentes do Consorcio Provincial de Incendios.

Esta Corporación Provincial, defendendo unha visión integral de provincia, manifesta a súa repulsa contra a actividade incendiaria que atenta directamente contra o noso territorio, sen dúbida moi ameazado, tanto material como persoalmente, velaí o número de incendios en situación de alerta 2.

O Grupo Provincial Popular impulsa mediante esta moción unha reacción institucional que consolide un modelo de participación, análise e avaliación da situación, perspectivas de mellora e coordinación ante os incendios forestais e emerxencias en xeral que poidamos soportar no futuro.

Un traballo que esta deputación xa lidera co seu papel fundamental no Consorcio Provincial de Incendios, na posta en marcha dos grupos de emerxencia supramunicipais, e mesmo na elaboración dun mapa de emerxencias provincial, consecuencia dun acordo plenario desta institución.

En virtude do exposto, propoñemos ao Pleno o seguintes **ACORDOS**:

1º- Constitución dunha nova Comisión Especial Informativa e Permanente denominada “DE INCENDIOS FORESTAIS E EMERXENCIAS”, con representación de todos os grupos políticos en proporción similar ás xa existentes.

2º- Que a dita COMISIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS E EMERXENCIAS conte, entre as súas atribucións, coas seguintes:

- A exposición e debate de protocolos para a defensa do noso territorio.
- A participación, se así se require, en calidade de expertos, representantes do goberno autonómico, do goberno central ou calquera persoa ou entidade vinculada ao sector, para coordinar información e plans de actuación.



Grupo Provincial Popular

- Proponer a modificación das normativas que actualicen a lexislación en vigor e que respondan ás necesidades da nosa provincia.
- Calquera outras cuestións que merezan o pronunciamento da comisión, ben directamente ou para a súa proposta en pleno, no ámbito dos incendios forestais e das emerxencias.

3º- Impulsar un sistema de información cidadá que permita, coa posta a disposición por parte das administracións públicas con competencias dos datos que poidan facilitarse, en dispositivos móbiles, coñecer en tempo real a existencia de lumes activos, a súa localización, o nivel deste e os medios e persoal que está colaborando na súa extinción.

4º- Elaborar un plan de cooperación para que os concellos da provincia dispoñan de plans municipais de prevención e defensa contra incendios forestais e os integren nos plans de emerxencia municipais, tendo en conta as normas aplicables, sinaladamente a Lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais e a Lei 7/2012, de montes de Galicia.

5º- Instar ao Goberno de España á posta en marcha dun programa de axudas para paliar os danos que a vaga de lumes provocou na provincia de Ourense, previa valoración polos servizos técnicos que correspondan, ofrecendo para iso a colaboración do persoal desta Deputación de Ourense.

6º- Instar ao Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente a impulsar a inscrición de áreas queimadas de Ourense nos proxectos de compensación de CO₂, a través dos cales se están a compensar emisións nos ámbitos dos proxectos Clima.

7º- Instar ás administracións autonómica e estatal á adopción de medidas urxentes e á posta en marcha de actuacións inmediatas de recuperación da nosa paisaxe e da nosa natureza para evitar a chegada de cinzas aos cursos fluviais mediante o chamado “Bombardeo de sementes”, e iniciar a recollida da 5ª fracción na recollida do lixo en grandes produtores e áreas urbanas, para transformala en compost específico para a rexeneración de vexetación en áreas especialmente degradadas polos incendios.

Ourense, 18 de outubro de 2017.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE.-